



IRIMIA

SEMANARIO DE CRENTES GALEGOS

Nº 125, Marzo 1984



¿QUE PASA COA L.O.D.E.?

SUPLEMENTO: QUEN PAGA A CRISE (II)

A PENEIRA

SERIA CUESTION DE PROBAR
¿PROBAMOS?

Fai algúns días aconteceu un feito moi sinxelo, moi do cotián; pero que ó mesmo tempo ben puidera ser revelador da inercia na que nos movemos de cara ó emprego normal da nosa língua.

Ó feito, dende logo, non tén mais trascendencia ca que cada un queira darlle.

Morreu a señora María. Os parentes á súa hora puxéronse a redacta-la esquela para ser radiada nas notas necrolóxicas, cuidando moito de que non fose quedar ningún achegado sen nomear. A redacción estaba xa feita en castelán, cando apareceu por alí alguén que simplemente lles dixo: “¿Por que non facedes en galego, se esta boa mulleriña sempre falou galego?”

Abondou con esta suxerencia para que tódolos parentes alí presentes recoñecesen: “É que non se nos ocurrira”. Mudouse a redacción; pero había outro atranco.

Na funeraria, que según é costume, eran tamén os corresponsáís da radio para estas cousas, dixeron dúbidosos: “O malo é que na radio non van quere-la esquela en galego”.

Sería cuestión de probar. Probose e comprobouse que non había ningún inconvinte. Todo resultou máis doado do que se temía.

E ben seguro que cando a señora María escoitou a súas propias notas desde aló onde ela está, recoñecería ós seus fillos e ós seus xenros moito mellor ca se dixesen: “Sus hijos”, “Hijos políticos”, “Nietos”. Porque a señora María sempre lles chamara: “Os meus fillos”, “Os meus xenros”, “Os meus netiños”.

Dalgún xeito resultan ridículas e astra aldraxantes as esquelas en castelán para que sempre falou en galego. E así moitas máis cousas que deberían cambiarse.

Todo é cuestión de probar.
¿Probamos?

A ENERXIA eléctrica e hidráulica é un dos motores de progreso e da industrialización. Galicia é rica nestas fontes. Produce 17,8 por cento da electricidade española e un 25,4 da enerxía hidráulica. A metade da enerxía que producimos vai parar a outras rexións, e nós a cambio só recibimos algunha empresa de esas que consumen moita enerxía pero de poucos postos de traballo, así a Alúmina de san Ciprián que está gastando un 18 por cento da nosa enerxía.

NON TODOS TEÑEN CARTILLA DE SEGURO. A saúde é un dos dereitos máis importantes do home, e tamén dos máis custosos. Por outra banda, a Seguridade Social é un dos pozos sen fondo dos presupostos do Estado ós que todos contribuímos (este ano van parar a eles uns oitocentos setenta e cinco millóns de pesetas). Aínda mais dun 13 por cento dos galegos non poden beneficiarse dos servicios sanitarios por non ter un seguro.

O PROBLEMA DA FAME pode servirmos de reflexión neste tempo de Coresma. Neste intre, a causa da seca, poden morrer entre dous e tres millóns de africanos. Mentres tanto, nos países máis ricos están almacenándose perto de trescentas toneladas de gran. Nalgún destes países debaixo do Sahara, ós labregos están consumindo as poucas herbas e raíces que non morreron.

A COMARCA DO RIBEIRO é a máis productiva en viño do noso país. Máis de tres millóns de hectáreas de viñado que se estenden polo fondo dos vales dos ríos Miño, Avia e Arnoia, na chamada depresión de Ourense. Ourense é a provincia que deita máis viño; regálanos outros viños de calidade coma os de Celanova, O Bolo ou os da Ribeira do Sil que comparte con Lugo. Ademais do Ribeiro, os viños de Valdeorras, nas beiras do Sil, e o de Monterrei, son as tres comarcas de viño rexistradas co que se chama denominación de orixe.

CONSELLOS para este mes: “Coida de podar en marzo que o que pode en abril e ruín”. “Marzo, marzal, déixame o viño trasegar”. “O que en marzo non poda a súa viña, perde a vendimia”. “Poda a viña en marzo e cávala en maio”. “Quen teña forza no brazo, cave e pode en marzo”.



ORACION

*Señor,
que atopemos sempre
quen nos apague
a sede do corpo.
Que atopemos sempre
quen nos apague
a sede da alma,
a sede da vida.*

*Señor,
que podamos ter
ao pé da nosa casiaña
un pozo,
onde sacar auga diariamente,
e apagar a sede
cando o camiño da vida
nos reseque.*

*Señor,
se é fondo o pozo
onde apousan
as augas verdadeiras,
que non nos falte
nin corda nin caldeiro
para bater con elas
e subilas.*

*Señor,
sé ti para nosoutros
auga e pozo,
corda firme
e caldeiro.*

*Señor,
danos as túas augas
sempre,
danos a túas augas
cando se esgoten as nosas
ou xa non sexan quen
para devolvernosa
a frescura.*

Domingo terceiro
de Coresma

CONVERSA DE XESUS COA SAMARITANA

Xesús necesitaba pasar pola Samaría. Chegou, pois, a unha cidade da Samaría chamada Sincar, perto do terreno que lle deixara Xacob ao seu fillo Xosé. Estaba alí o pozo de Xacob. E Xesús, canso do camiño, sentouse onda o pozo. Era ao pé do mediodía. Chegou unha muller da Samaría a sacar auga. E Xesús díxolle:

– Dame de beber.

(Os seus discípulos foran á vila, mercar comida).

Preguntoulle entón a muller samaritana:

– ¿Como é que ti, sendo xudeu, me pides a min, muller samaritana, que che dé de beber? (Pois os xudeus non se levan cos samaritanos).

Respondeulle Xesús:

– Se conoceras o don de Deus, e quen é o que che di “dame de beber”, ti mesma lle pedirías a El, e El daríache auga viva.

Replicoulle a muller:

– Señor, nin siquiera tes caldeiro, e o pozo é fondo, ¿de onde che ven a ti entón esa auga viva? ¿Logo es ti máis que o noso pai Xacob, quen nos deu o pozo, do que beberon el mesmo os seus fillos e mailo seu gando?

Xesús contestoulle:

– Todo o que bebe desta auga, terá sede outra vez; pero o que beba da auga que Eu lle darei, nunca máis terá sede; a auga que Eu lle darei, convertirase dentro del nunha fonte que saltará ata a vida eterna.

A muller suplicou:

– Señor, dame desa auga, para non ter sede, nin ter que vir aquí a sacala.



TERRA E

¿QUE PASA O

“Maravall non enlodes a nosa escola”, “Maravall dimite, e lévate a F de febreiro ó Ministro de Educación, un bon fato de xente (un millón de manifestacións que houbo e segue habendo en contra da LODE (Lei Orgánica Católica Nacional de Pais de Familia e Alumnos (CONCAPA), a Confederación Española de Padres de Familia (CEPE) e a Federación Española de Religiosos do Ensino (FERE). A razón española?”. ¿É isto realmente así? ¿Que pasa coa LODE?

¿QUE É A LODE?

A Lei Orgánica do Dereito a Educación que quere promover o goberno socialista, co plan de que entre en funcionamento no próximo curso 1984-84, foi aprobada polo Consello de Ministros en Xuño de 1983, e máis recentemente polo Congreso dos Diputados (20 Decembro); está actualmente en proceso de discusión por parte do Senado, atrancada por esas 4.000 enmiendas que lle fixo o Grupo Popular. Trátase da primeira lei que asume globalmente a cuestión da Educación na Democracia Española. A nosa escola estaba anclada na Lei Xeral de Educación (1970), que declarara por vez primeira en España obrigatorio e gratuito o ensino básico e a formación profesional de primeiro grado e prevía unha financiación ó ensino privado, cousa que se foi facendo logo moi lentamente. Non se pode esquecer tampouco a Lei orgánica que regulou o Estatuto de Centros Escolares en 1980, que tiña só un carácter xurídico.

O obxectivo da LODE ven manifestado no seu primeiro Artigo:

“Tódolos españois teñen dereito a unha educación básica... Esta será obligatoria e gratuita... Todos asimesmo, teñen dereito a acceder a niveis Superiores de Educación... sen que este dereito esté suxeto á discriminacións debidas á capacidade económica, nivel social ou lugar de residencia”.

E os seus fins aparecen no Art. 2 con verbas como: “pleno desenvolvemento da personalidade”, “formación no respecto ós dereitos e liberdades”, “transmisións de coñecementos”, “hábitos intelectuais e de traballo”, “capacitación para unha actividade profesional” e “formación para a paz e a solidariedade dos pobos”.

Tras este título preliminar, veñen outros catro títulos. O primeiro fala dos Centros docentes, que poden ser públicos, privados e “privados concertados” (o titular é privado, pero son subvencionados con fondos públicos e están suxetos a unha serie de concertos). O título 2 trata da participación na programación xeral do ensino, que é tarefa do “Consello Escolar do Estado” (con representación da Administración, dos profesores e os

alumnos, titulares dos centros privados, dos órganos de goberno dos centros, do director, secretario e xefe de estudos, do claustro de profesores) e trata dos centros concertados, e de todo o que suscitou as meirandes protestas.

PUNTOS CONFLICTIVOS

Nas afirmacións xerais non se pode estar de acordo en que necesitan ser acordados todos. Os problemas afloran logo de entrar no ensino público ou no privado. Por exemplo, no título 4. As protestas do ensino privado manifestan que se debe acadar verdadeiramente a liberdade de eleccións. A Constitución Española no seu Artigo 27 garante un control total sobor do ensino privado; e ademais a financiación é insuficiente.

Así, especialmente conflictivos son os artigos 47-51. Os referentes ós artigos 22 e o seu ideario, que para poder concedido ó Consello Escolar deben estar representados por representantes do titular privado e dos pais, 4 rep. dos alumnos, 4 rep. dos pais, 4 rep. do profesorado. Decide respecto da designación do profesorado, disciplina, programación, etc. (Arts. 57-61). Asimesmo, este artigo trata da liberdade de cátedra e de opinión e ensino, dentro dos límites sinalados, a teor dos Arts. 20 e 27. É unha verdadeira liberdade para poder expresar as opinións que se queren para os seus fillos, pois esixe a proximidade do domicilio a tal ou cual centro, e tamén o modo de programación (A

¿ QUEN PAGA A CRISE ? (II)

A CLASE OBREIRA


Suplemento N° 7 do Semanario IRIMIA

UNHA INDUSTRIA PENSADA DESDE FÓRA

Galicia non é un país industrial. O noso sector industrial é cativo e localizado nuns poucos puntos da nosa terra. Só un 20 por cento dos galegos que traballan pertencen á chamada clase obreira, son traballadores asalariados da industria. Pero esa industria con ser cativa é de vital importancia para determinadas bisbarras como as de Vigo e Ferrol, e de vital importancia para o futuro de Galicia.

A industria galega - agás a conserveira que arrinca a rremates do século pasado- coñece o seu despegue os anos 60 e70. Así é na década dos sesenta can-

do a economía galega empeza a incorporarse á economía capitalista española, ó tempo que milleiros de galegos tiñan que emigrar - concretamente un cuarto de millón con destino preferente a Europa e de edades mallormente comprendidas entre os 18 e 35 - aparecían en Galicia novas industrias: unhas vencelladas á agricultura e mesmo montadas con capital galego para transformar o leite e outros produtos do sector primario (LARSA, COREN, ARXERIZ...); outras, sucursais de grandes compañías extranxeiras na percura de enerxía, materias primas ou man de obra barata e non conflictiva (Citroën, Exminesa, Celulosas...). Deste tempo é tamén o crecemento da industria naval galega en





A CRISE E O PARO

Cando en 1973 se desata a crise do sistema económico capitalista, nunha boa medida a partir do encarecemento da enerxía, en Galicia estabamos moi lonxe de termos capacidade industrial para dar traballo á maioría dos traballadores galegos. A crise colleunos xa en desventaxa.

O frenazo no crecemento industrial, o retorno dos emigrados, a quebra das máis diversas industrias - as mais febles de cada sector -, son todos problemas que se suceden en cadea.

En Galicia a crise terá maior importancia relativa xa que a nosa industria estaba moi pouco diversificada, isto é, na construción traballaban o 35 por cento dos obreiros galegos e nos asteleiros un 10 por cento, e, pola contra, en outros sectores onde se dispoñía de materia prima galega como o de transformación de madeira ocupaba tan só a un 2 por cento de traballadores. Xustamente son aqueles sectores maioritarios en Galicia os primeiros en sentir a crise.

De calquera forma ó principio o paro semella ter menos importancia en Galicia que noutros lugares. Así, aínda no ano 81 a taxa de paro rexistrado en Galicia andaba polo 7 por cento fronte ó 12,5 por cento do total español. A causa estaba en que as nosas pequenas explotacións campesinas fan engulindo ós parados da industria. En Galicia o paro quedaba así "encuberto".

INDUSTRIA NON DEPENDENTE

Vigo (Ascón, Freire, Vulcano...) especializada en buques conxeladores e no Ferrol (Astano) especializada nos superpetroleiros.

Pero esta industrialización non deu resposta as necesidades de Galicia:

- 1.- Moitas das industrias, cos seus centros de decisión fóra de Galicia, adicáronse simplemente a extraer as nosas riquezas (enerxía e materias primas) e mandala para afóra sen transformar. Isto é o que se chama industrialización de enclave ou dependente e crea poucos postos de traballo.
- 2.- Houbo unha excesiva especialización: é o caso da construción naval, agora en crise, que ten tanto peso na nosa estrutura industrial.
- 3.- Non se deu absorbido o nexceso demanda de mano de obra galega e o sistema económico vixente seguíu botando xente para a emigración e desviando para afóra os aforros traídos polos emigrantes.

Pero coa agudización da crise o problema do paro disparóuse tamén en Galicia. Só no ano 1983 o paro rexistrado -esto é os dos que se anotan nas oficinas de emprego, que como ben se sabe é menor que o real- aumentou en Galicia en 23.000 persoas, o que supón unha "velocidade de crecemento" dobre á de España. Nas comarcas de Vigo e Ferrol acadóuse unha tasa de 17 por cento. A fame empeza a premer nos barrios obreiros, a violencia nas rúas aumenta, moitos dos que forzados o engaiolados pola cidade venderan as súas terras quedan no máis puro abandono. Xa empezan a verse traballadores sen traballo remexendo nas barreduras de Teis, Coia ou Caranza.



(FOTOGRAFIA TOMADA NUN LEIRO DA PARROQUIA DE BURRIFÓS)

A GOLPE DE RECONVERSION

Como consecuencia da crise tódalas economías de occidente houberon de axeitarse ás novas esixencias do mercado internacional. Houbo pola mor da crisa unha redución na demanda mundial, isto é, que en moitos sectores, como o metal e a construción naval, minguaron grandemente o número de compradores.

As grandes industrias galegas, tan dependentes de fóra, comenzaron a ter problemas para venderen os seus produtos ou para atoparen que lles fixere pedidos.

Así, entre as empresas públicas en Galicia durante o ano 1983, Alúmina-Aluminio perdeu arredor dos 11.000 millóns de pesetas, Astano perdeu 4.500 millóns, Alvarez 2.300 millóns, Barreras algo máis de 2.000. Certamente cóm-

pre refacer todo o aparello industrial Non é, sen embargo unha necesidade de antonte. A clase obreira galega leva anos sufrindo a consecuencia dunha industria raquítica e mal montada. Hai ben anos que os galegos imos á cabeza no que se refire a emigración e á cola en promedio salarial. E hai ben anos que distintas organizacións políticas e sindicais galegas reclaman unha industrialización axeitada á nosa Terra, baseada nunha rede de industrias de mediano tamaño para transformar e exportar as nosas riquezas.

Pois ben esa clase obreira que sufríu unha industrialización terceiromundista e mal planificada é a que agora ten que sufrir a chamada reconversión. Certamente o P.S.O.E. tivo o valor que non tiveron os gobernos anteriores, pero cun estilo moi discutible e pouco propio dun partido que aínda se chama obreiro.

Un plan de reconversión debería:

- 1.- Seleccionar sectores e empresas en crise.
- 2.- Axeitar, en colaboración cos traballadores e os seus representantes, os sindicatos, o que se produce ás demandas dos compradores.
- 3.- Crear industrias en novos sectores con futuro para reocupar ós traballadores "reconvertidos".
- 4.- Correxir vellos erros e planificar a industria dacordo as características, riquezas e aforros de cada nacionalidade.

Pero o Plan de reconversión do P.S.O.E.:

- 1.- Non aparece unido a un plan de creación de novas empresas. No propio Libro Blanco dise que a promoción industrial será abordada nun futuro.
- 2.- Rescinde contratos e reduce plantillas por decreto, sen aceptar unha planificación dialogando cos sindicatos.
- 3.- Sen embargo comprométese cos empresarios para os axudar con información, cartos e asesoría técnica, pero sen falar de control obreiro da empresa, nen moito menos de nacionalización. De feito as millores palabras cara ó Libro Blanco proviron dos empresarios da CEOE e do partido da dereita A.P.
- 4.- Non conta cos gobernos autónomos. Pasa por riba das competencias que sobre planificación económica se teñen concedida nos estatutos ás autonomías.



ALGUNHAS PREGUNTAS SOBRE O CASO ASTANO

- 1.- ¿Por que os gobernantos e xestores do I.N.I. entre os anos 73 e 78 non souberon albiscar a crise que se avexiñaba e, pola contra, seguiron ampliando instalacións - grúa pórtico - e invertindo nos asteleiros de Puerto Real?
- 2.- ¿Terá esto que ver co feito de que o endeudamento de ASTANO, que de non existir faría rentable o asteleiro ferrolán, deu grandes beneficios á banca privada nos últimos anos?
- 3.- ¿Por que os asteleiros AESA -que tamén dependen do I.N.I.-, teñen 28 buques na carteira de pedidos namentras que ASTANO ten escasamente ún, sendo como é a mesma Comisión a que firma os contratos de ámbolos dous grupos?
- 4.- ¿Por que á Xunta de Galicia lle colleu todo en fóra de xogo, sen que tivera rinvidicado as súas competencias sobre planificación económica, sen ter feito ningún estudo previo, sen ter formado o Consello Económico-Social de Galicia?
- 5.- ¿Quen é o responsable dunha xestión exportadora tan mala que fixo que a contratación de buques polos Asteleiros españois pasara de ser un 4 por cento do total mundial no ano 81 a ser a metade, un 2 por cento somente un ano despois?

XENTE COA L.O.D.E.?



“Felipe”, ...Así lle berraban pola madrileña “Calle de Alcalá” no pasado 25 (según os organizadores, 150.000 según o goberno). Era unha das moitas (orgánica do Dereito a Educación). Os convocantes eran: a Confederación Española de Centros de Ensino (CECE, a patronal do ensino privado) e a Federación coreábanna os mesmos manifestantes: “A la LODE dice no el católico

privados, ...). E o título 3 fala dos públicos (por unha banda: privados; e pola outra: o consello de administración). Finalmente, o título 4, que trata de regular o ensino privado, ven xendo o máis conflictivo, e o título 5, o máis polémico.

hai problema de aceptación pública, todo o mundo parece que non quere unha boa educación para os seus fillos, según se poña o peso no ensino público, o apartado máis conflictivo dos defensores acérrimos que con esta Lei non se pode garantir a liberdade de ensino que garante a Constitución de 1978, pois o Estado -din- impón un control, tanto o público como o privado, e o ensino privado resulta

os son os artigos dos concer-
“carácter propio do centro”
de estar en perigo a causa do
ar, composto por: director, 3
do centro, 4 rep. dos profesos
os pais, 1 rep. da Administra-
ción do director, a selección
umación, liña pedagóxica, ...
ideario” estaría en perigo a
os profesores (liberdade de
es constitucionais). Tamén se
e 53, que os pais non teñen
scoller o tipo de centro que
án condicionados pola proxi-
centro, ... E, en fn, crít(case
rts. 27-28).

POSTURAS

Ante esta Lei os partidos políticos tomaron posturas claras: O PSOE, un si total, pois din que é unha lei que garantiza tanto o dereito á educación como á liberdade de ensino, mellorando a oferta pública e amparando a privada.

Na banda contraria, AP-PDP afirman que é un paso atrás pois introduce un “sistema autoxestionario” que impide a dirección e amenza co carácter e ideario propio dos centros. O PC dí que se queda corta, por favorecer demasiado o ensino privado. Os catalans dixeron “si pero...” e o PNV dixo que non.

Pola súa banda, os sindicatos apoiana, aunque con reservas. As asociacións de pais, unha (CEAPA) si e outra (CONCAPA) non. E a xerarquía da Igrexa católica rexeitouna.

Coidamos, antes que nada, que cómpre facer unha boa escola para todos: fortalecer e mellorar a escola pública, coa participación de tódolos sectores sociais, pois para eso é a escola de todos. E tamén a Igrexa se ten que embarcar neste barco. Ese parece ser o obxectivo primordial da LODE. Se é así, benvida sexa.

Certamente segue sendo válido o ensino que exercen algúns centros privados; e como tal servizo público, e para que resulte gratuito, e non só para uns privilexiados, coidamos que deben recibir axuda dos fondos públicos. Pero tamén non parece lóxico que se funcionan co diñeiro de todos, estén sometidos a un control de esa sociedade, pois non se trata de negocios privados. E o control que lles impón a LODE non nos parece tan esaxerado como afirman certos sectores.

E, finalmente, no que non estamos de acordo, é cos ataques do grupo popular e outros sectores, que din que a LODE propugna unha escola autoxestionaria ingobernabel, simplemente porque busca a participación de tódolos sectores interesados, dándolles a alumnos e pais voz e voto, nas cousas que lles afectan a eles.

A LODE non é perfecta, pero parécenos un bon paso adiante.

PARABOLA



O ROSENDE CANDO DI UNHA COUSA SABE O QUE DI

Xa vos contei que o Rosende pasa por home moi informado. El, ben sabedes, tense por moi sabido... ¡Está de volta de tantos sitios!

Unha das primeiras cousas de que se desengañou foi das lérias dos cregos. Non cré nelas desque deixaron de deci-la misa en latín e deron en misar de cara para a xente.

Escoitade. Escoitade o que el mesmo di:

— “Daquela acabouse o misterio. Sen dárense conta os mesmos cregos descubríronlle á xente que pode misar calquera. Eu antes coidaba que era máis difícil, pero... ¡bo, tenche boa ciencia! E para iso doce anos de carreira...”

El sostén que a xente de antes andaba moito cos ollos pechos; pero agora as cousas cambiaron. E non quere que o seu fillo sexa un papaleisón como foi el. Con todo, non tén moita fe en que os libros sexan o millor camiño para andar pola vida, por iso, sempre que pode mércallos de segunda man e non volve a vendelos porque non tén a quen, que se non... Hai unha excepción: o libro de relixión. Ese non llo merca ó fillo de segunda nin de primeira.

— “...¿Pero que pensan? Na miña crianza cun só libriño e ise ben pequeno abundaba para toda a vida, e agora, ¿vai haber que mercar un cada ano como se se tratara de linguaxe ou de matemáticas?... Que se poñan de acordo dunha vez e se deixen de historias. ¿Ou non é o Deus de agora igual ca o Deus de antes?”

Á catequese, — el sigue decindo “á doutrina” —, tampouco nono manda, que non quere que llo entoleen; ademáis, cadra cunha hora na que botan un programa na tele no que o pequeno non pestenexa.

— “Alí sí que aprende. Gústalle con delirio. Xa cando era un recién que aínda non saíra do berce, botaba horas e horas caladiño coma un santo mirando pró televisor. Mesmo se estaba chorando non había cousa millor para acalentalo ca encenderllo. ¡Pasaba sen mamar por mirar prá televisión! E iso que daquela nona tiñamos aínda en color.”

Así e todo, á catequese, astra que fixo a primeira comunión, mandábao algunha vez, que tiña que ser coma os mais. Iso sí, a primeira comunión é un costume que según o Rosende non se debe perder.

— “Eu fíxenlla ó pequeno como está mandado: vestidiño de Príncipe de Gales, porque se acabaron os traxes de requetés, e con cento trinta e sete invitados, entre eles un teniente de infantaría xubilado, dous procuradores e un señor cura da capital que me ganou varios pleitos sen ser abogado. Foi o día máis feliz da miña vida”.

A frase dos recordatorios, ó pé do retrato de estudio do pequeno, “Acompañadme en el día más feliz de mi vida” prestábase para equívocos, porque podía haber quen pensase que se refiría ó pequeno; pero non, referíase ó pai. ¡Quen se extraña, con tantos invitados que o pequeno non coñecía!

Hoxe non poido decirvos, porque ese dato non me consta, se a primeira comunión se fixo ó contado ou polo sistema de letras. Pero o seguro e o principal é que lla fixo “como está mandado”. Xa llo escoitastes a el mesmo, e cando o Rosende dí unha cousa, sabe o que dí: que xa hai moito que abriu os ollos.



Δ CARON do LUNE

GALICIA, FOGAR DE BREOGAN

A vez pasada comentámo-la primeira estrofa do himno galego e quedounos unha pregunta no aire: ¿Quen era Breogán e que ten que ver este personaxe con Galicia? Pois Breogán foi un héroe celta a quen se lle atribúe a fundación de Brigandsia (a actual Coaña). É sabido que os celtas foron os habitantes das nosas terras antes da chegada dos romanos. Eles foron os que construíron os castros ou outeiros fortificados espallados abundantemente por toda a xeografía galega. Galicia sería, pois, a terra ou fogar desta linaxe.

A segunda estrofa di textualmente:

— “Do teu verdor cinguido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono,
fogar de Breogán.”

Os piñeiros diríxense a Galicia, recanto rodeado de verdor e de astros propicios, que noutrora foi terra fecunda en castros e

valerosos guerreiros, para que esperte dese sono que dorme desde hai moitos séculos a través da longa noite de pedra. Coma se dun feitizo se tratase, Galicia deixou de ser ela hai moito tempo. Está durmindo un sono alleo: a súa lingua, os seus costumes, a súa cultura non lle pertence. Por iso os piñeiros se rebelan, por iso, cheos de carraxe, se dirixen a Galicia enteira para que non esqueza a inxusticia á que foi sometida, para que dunha vez por todas se espreguice dese sono que a envolve e abafa e se rebelen contra os que a inxurian, contra aqueles que pretenden que Galicia siga durmindo ese sono eternamente.

Cando Galicia esperte intentará recobra-lo que é seu, intentará recobra-la súa propia identidade. E este sono, aldraxante e inxusto, perderase coma un amargo pasadelo na noite dos tempos.

Na estrofa terceira que comentaremos na próxima ocasión os piñeiros explicaránno-la diferente actitude que adoptan os homes ante a súa mensaxe. Velaí a grande interrogante: ¿Seremos nós dos “bos e xenerosos” ou dos féridos e duros”?

Maca Arca



Os irimegos queremos
saber ben qué é o que pasa
para que falten axudas
para "Preescolar na casa".

Desde Cáritas de Lugo
hai sete anos, ó menos,
organizouse, cos pais,
o ensino para nenos.

Trátase de que na casa
a nai ou pai que se preste
teña a visita e axuda
que lle levará un mestre.

E así, o neno pequeniño
non inda escolarizado
vai aprender a escribir
e a ler, o malpocado.

Porque disque non hai cartos
"Preescolar" está en apuros,
e os da Xunta, para os daren
seica se poñen moi duros.

Anda loitando por isto
o crego Antón Gandoi,
que merece todo apoio
xa que el fundador foi.

A FALA É CAMIÑO

TECÍN SOA A MIÑA TEA

Así principia un poema de Rosalía en Follas Novas, referíndose á muller do emigrante, ás por ela chamadas "viudas de vivos".

Tecer é un labor que facían antes as mulleres de Galicia, algunhas profesionais na arte dos tecidos, polo que tiñan o oficio de tecelás ou tecedeiras, e traballaban cunhas máquinas moi caseñas chamadas teares.

No tear o tecelán

ou tecelá facía roupa de vestir de liño ou de la, ou mesmo sabas para o leito.

Hoxe xa moita xente merca os xerseis feitos, e os novos tecidos de fábrica substitúen a aqueles produtos caseños de antano.

Pero o que aquí queríamos era que, se se perdeu esa industria doméstica, non se perda polo menos o vocabulario, porque hai xente por aí que anda dicindo

"texidos" e "tela", co taminados polo castelán e non se decatando que teixido en galego é un terreiro no que se dan os teixos, que son unhas árbores que hai na nosa terra.

"A San Andrés de Teixido vai de morto quen non vai de vivo", afirma o refrán popular. Algúns hanter que ir castigados na Santa Compañía por non distinguiren un teixido dun tecido.

EDITA: "Asociación IRIMIA"

DIRECTOR: Victorino Pérez Prieto, Lagoa-Abadín (Lugo)

RESPONSABLES: Alfonso Blanco Torrado, Manolo Regal, Xosé-Antón Miguélez, Xosé-Manuel Carballo, Daniel López Muñoz, Pepe Chao e outros colaboradores

EDICION e DISTRIBUCION: Mosteiro de Sobrado dos Monxes (Coruña),

PEDIDOS e ADMINISTRACION: Apdo. 5, Villalba (Lugo). Tno. 982-510487

Conta na Caixa de Aforros de Villalba, n. 04950/0

DEPOSITO LEGAL: C-1417-81

PRECIO: TRES PESOS



0'50 PTA